

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2022.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de marzo de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición de vivenda, conservando muros medianeiros, na avenida Marqués de Ombreiro, número 74 (exp 2021/Y001/000313); para ampliación e reforma de taller e parque de maquinaria agrícola con adecuación de espazos exteriores, na estrada N-640. Km 87,5. A Campiña. Pedreda (exp. 296/14) e para segregación (reordenación de parcelas, con referencias castrais 27900A131003780001DT e 27900A131001190000SK sitas en Campo da Barra - Soñar (exp 2021/Y005/000016).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa no núcleo rural tradicional de Xuxaos+ Torre, parroquia de San Miguel de Orbazai (exp 2020/Y001/000258).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

**2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a aceptación e prestación de conformidade ao regulamento de xestión do fondo e side letter presentados por un contratista na contratación dun servizo de intermediación financeira e de xestión dun fondo de capital risco participado polo Concello de Lugo, exp. ref. 2020/C003/000080.

Tamén se acorda adxudicación na contratación dunha plataforma para a xestión integral do patrimonio municipal e do seu inventario que permita a integración con ferramentas de sistema de información xeográfica (XIS), a través da estratexia Dusi denominada "Da Muralla ao Miño-Muramiñae" co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do Fondo Europeo de desenvolvemento

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac817839105635360755.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 2-3-2022

rexional. Exp. ref. 2021/C003/000025.

**3. PERSOAL.-** Acórdase aprobar as propostas de designación dos membros do tribunal cualificador dos seguintes procesos selectivos: para o acceso en propiedade a unha praza de encargado/a do parque móbil, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018); para o acceso en propiedade a unha praza de técnico superior electricista, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018) e para o acceso en propiedade a unha praza de encargado/a (brigada de zona rural), pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna (OEP 2018).

Acórdase a prórroga das comisións de servizos nos postos de traballo: auxiliar administrativo augas (66/32/1) e operario brigada zona rural (3201/44/6).

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**